

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL
DEZASETE: -----**

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D. José Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D. Roberto Carlos Agís Balboa
D^a Vanessa Rodríguez Búa

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xullo de dous mil dezasete, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarase aberta a sesión.-----

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Angel Luis López Pita.

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DIAS 29 DE MAIO, 31 DE MAIO, 08 DE XUÑO E 10 DE XULLO DE 2017. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, logo de retirar unha observación sobre o parágrafo cuarto do 8º punto da orde do día da acta da sesión celebrada o 8 de xuño de 2017, aludió a palabra “se”, que figuraba na antepenúltima liña da súa intervención, recollida na páxina foliada co número 18 da acta da sesión celebrada o 29 de maio de 2017, ao entender que se trataba dun erro, posto que quixo dicir “si”. O Sr. Secretario explicou que se utilizou a palabra correcta, posto que se traduce en galego por “se”.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse ás referenciadas actas por unanimidade.**

A)PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA FIXACIÓN DA PORCENTAXE DE RESERVA DE SOLO PARA VIVENDA SUXEITA A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN PÚBLICA NESTE CONCELLO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 26 de xullo de 2017.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, considerou esta medida necesaria, xa que o PXOM non fixa a porcentaxe de reserva deste tipo de vivenda.

A Sra Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, manifestou que a propia evolución na lei do solo, respecto da porcentaxe de reserva para vivenda protexida, sempre foi a de ampliarla e non a de reducila, se ben a propia norma contempla a posibilidade de diminuír a porcentaxe en base á demanda rexistrada no Instituto Galego de Vivenda e Solo, da que resulta que en Sanxenxo só había 36 demandantes, o que non lle parece real, porque a xente descoñece a posibilidade de realizar estas solicitudes, polo que primeiro débese informar sobre esta opción e, mentres non se faga así, non está de acordo coa redución da porcentaxe, aínda que tecnicamente sexa correcto, anunciando que non vai votar en contra da proposta.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, aludió a que, como non se fixo vivenda protexida, a xente non realizou peticóns, pero parecíalle que había moitas persoas que necesitaban neste concello vivendas destas características, preguntando porque precisamente, neste momento no que está a repuntar o sector da vivenda, pretendíase reducir esta porcentaxe.

A Sra. Gonzalez-Haba Perez, voceira do Grupo Municipal Mixto, sinalou que estaba na mesma liña que a Sra. Rodríguez Búa, para actuar primeiro hai que saber a demanda real existente.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicou que os criterios nos que se basea o Instituto Galego de Vivenda e Solo teñen un certo grao de perversidade posto que, evidentemente, existen mais solicitudes nos grandes concellos,

obedecendo a unha cuestión ideolóxica, porque a Xunta de Galicia non promociona vivenda pública e, polo tanto, a xente non participa. O interveniente proseguí dicindo que en Sanxenxo, desde o concello, ademais creáronse expectativas de construcción de vivendas para mozos, polo que aquelas frustráronse doadamente, pero se existe esta necesidade, non sendo as cifras do Instituto Galego de Vivenda e Solo reais, debendo facerse tamén medidas de financiamento para adquisición de vivenda, rematando a súa intervención para manifestar que os beneficiarios de destinar unha cantidade inferior a vivendas de prezo taxado, son os promotores.

A **Sra. Deza Martínez** aludiu a que o PXOM non fixa unha porcentaxe de vivendas de promoción oficial e que os datos do Instituto Galego de Vivenda e Solo dependen da demanda deste tipo de vivendas, non sendo certo que a Xunta de Galicia estea a frustrar o acceso as mesmas, posto que se está a realizar unha importante labor de promoción, engadindo que se no futuro prodúcese unha maior demanda, sempre se pode modificar esta porcentaxe.

A **Sra. Rodríguez Búa** indicou que aínda que é certo que o PXOM non fixa unha porcentaxe, aplícase subsidiariamente o da lei do solo, non vendo neste momento a necesidade de reducir esta porcentaxe e a presa por cambialo, cando podía agardarse a coñecer datos reais.

O **Sr. Agís Balboa** dixo que lle gustaría saber desde cando figuran as persoas apuntadas nas listas, posto que posteriormente non se fixo nada e agora, para fixar a porcentaxe, hai que saber o que está a pasar e a necesidade real.

A **Sra. Gonzalez-Haba Pérez** reiterou que a porcentaxe do 5,55 non é real e non mira polos intereses dos veciños, polo que votará en contra da proposta.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que non cría que nin o concello nin a Xunta de Galicia fosen a realizar vivendas de protección oficial, que había que acudir a outras fórmulas, como a posibilidade de poñer a disposición o solo da SAREB a prezos interesantes, porque a realidade é que, no mercado de vivenda en Sanxenxo, apostouse pola segunda residencia e agora existen damnificados.

A **Sra. Deza Martínez** aclarou que non se rebaixa a porcentaxe porque non estivo nunca fixado para Sanxenxo e que cos datos existentes, non pode manterse unha reserva do 30%, cando non hai demanda.

O **Sr. Agís Balboa** especificou que non existe demanda porque nos últimos anos ningúén construíu nada e volveu preguntar polo motivo desta redución da porcentaxe para este tipo de vivenda, cando parece que repunta outra vez o mercado.

A **Sra. Rodríguez Búa** reiterou que na actualidade a porcentaxe é do 30%, tal e como o propio alcalde citou nun escrito dirixido ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

A **Sra. Gonzalez-Haba Pérez** preguntou sobre a posibilidade de pospoñer esta votación ata que se soubese exactamente a demanda real, contestando en sentido negativo o **Sr. Alcalde**.

O **Sr. Otero Domínguez** precisou que o rexistro a que fai referencia o Instituto Galego de Vivenda e Solo non o coñece a xente, sendo polo tanto un criterio favorable aos intereses de non facer nada, polo que esta porcentaxe non era en absoluto garantista.

A **Sra. Deza Martínez** especificou que o que dixo foi que o PXOM non fixou a porcentaxe e que a fórmula do Instituto Galego de Vivenda e Solo utilízase para todos os concellos de Galicia, engadindo que a lei sinala que había que fixar a porcentaxe, non que poderá fixarse, sendo esta unha diferenza fundamental.

O **Sr. Alcalde** sinalou que non entendía porque non se fixo nada ao respecto nos dous anos anteriores e que con este acordo reactivábase o debate, engadindo que lle gustaría saber cantas vivendas ten o SAREB, xa que cre que sobre todo dispón de solo. O interveniente aludiu a que a porcentaxe afecta aos novos desenvolvimentos urbanísticos, estando de acordo co sinalado anteriormente respecto da necesidade de mellorar as condicións de financiamento, o que sería moito mais fácil se fose o propio concello o que interviñese e que esta medida non é definitiva, posto que, se se reactiva a demanda, pódese cambiar a porcentaxe.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Votos pola Abstención: 1 (Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

En consecuencia, a proposta de acordo resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, adoptándose o seguinte acordo:

***Fixar no 5,55% a porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida, a efectos de aplicación do artigo 42.9 da Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia.**-----

3º PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DENOMINADOS “VIDEO VIXILANCIA”. O Sr. Secretario informou que por mor dunha conversación coa **concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Fernández Agraso**, sobre a incidencia da nova normativa de participación dos cidadáns no procedemento de elaboración desta ordenanza, quedou en emitir un novo informe, que xa está no expediente, no que se sinala a necesidade de acudir a un trámite de audiencia previa.

O **Sr. Alcalde**, ante este novo informe, propuxo que este asunto quede sobre a mesa, ata a conclusión do trámite citado polo Sr. Secretario.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que nesta ordenanza non quedan claras as instalacións onde se pretende que funcionen as cámaras, agardando que con este novo trámite poida isto aclararse.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a votación deixar sobre a mesa este asunto, o que se **aprobou por unanimidade.**-----

4º PROPOSTA DA ALCALDIA PARA DESIGNACION DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2018. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 26 de xullo de 2017 sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

**Designar como días de festa local para o ano 2018 as seguintes:

- **02 de Abril – Romaría de “O Con”**
- **04 de Setembro – Santa Rosalía”.**-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

5º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DOS/AS CONCELLEIROS/AS DE ACEPTACIÓN DAS DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS. O Sr. Secretario dá lectura aos escritos dos/as concelleiros/as deste concello, de data 08 de xuño de 2017, de aceptación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial das concellerías delegadas retribuídas por estes conceptos e que, a continuación, se relacionan:

“-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.134, da concelleira **Dª María Paz Lago Martínez**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**educación, cultura e xuventude**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.135 do concelleiro **D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**turismo, deportes e festas**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.136 da concelleira **Dª Silvia Freire Fernández** aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**servizos sociais e igualdade**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.137 da concelleira **Dª María Deza Martínez**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**planificación e xestión urbanística**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.138 do concelleiro **D. Marcos Guisasola Padín**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**facenda e persoal**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.139 do concelleiro **D. Gonzalo Gonzalo Pita**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a concellería de “**coordinación de áreas e relacións institucionais**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.140, do alcalde **D. Telmo Martín González**, aceptando o réxime de dedicación parcial co que está retribuída a “**alcaldía-presidencia**”.

-Escrito rexistrado de entrada no concello, co número 6.141, do concelleiro **D. José Daniel Fernández Piñeiro**, aceptando o réxime de dedicación exclusiva co que está retribuída a concellería de “infraestruturas”.

O Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo quedou enterado dos escritos anteriormente relacionados-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL, DE DATA 14 DE XUÑO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 6.381), DE MODIFICACIÓN DE MEMBROS NAS COMISIÓN INFORMATIVAS. O Sr. Secretario dá lectura ao escrito presentado o día 14 de xuño de 2017 (R. de entrada número 6.381) do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal que se transcribe literalmente a continuación:

“GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL.
Sanxenxo a 14 de junio de 2017

GONZALO GONZALO PITA, concejal portavoz del grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal comunica a los efectos oportunos que a partir de la presentación de este escrito los concejales designados para la comisiones informativas serán los siguientes:

COMISION INFORMATIVA DE URBANISMO

DANIEL FERNANDEZ PIÑEIRO
GONZALO GONZALO PITA (PRIMER SUPLENTE)
JESUS SUEIRO MENDEZ (SEGUNDO SUPLENTE)

COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS ECONÓMICOS

GONZALO GONZALO PITA
JESUS SUEIRO MENDEZ (PRIMER SUPLENTE)
DANIEL FERNANDEZ PIÑEIRO (SEGUNDO SUPLENTE)

COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS GENERALES

JESUS SUEIRO MENDEZ
GONZALO GONZALO PITA (PRIMER SUPLENTE)
DANIEL FERNANDEZ PIÑEIRO (SEGUNDO SUPLENTE)

FDO GONZALO GONZALO PITA. PORTAVOZ DE S.A.L.”

A Corporación deuse por enterada-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA CONCELLEIRA VANESSA RODRÍGUEZ BÚA, DE DATA 27 DE XUÑO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 7.262 DO 29/06/17), COMUNICANDO QUE DEIXA DE FORMAR PARTE DO GRUPO MUNICIPAL” SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL” E PASA A SER CONCELLEIRA NON ADSCRITA. O Sr. Secretario dá lectura ao escrito presentado o día 29 de xuño de 2017 (R. de entrada número 7.262) da concelleira Vanessa Rodríguez Búa que se transcribe literalmente a continuación:

“Vanessa Rodríguez Búa, con DNI 77415688B y domicilio en Pedreiras Villalonga, 1, Sanxenxo, en su calidad de concejala del Concello de Sanxenxo, comparece y DICE:

En las elecciones de mayo de 2015, Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL) consiguió cuatro concejales para representar en el Pleno de la Corporación de nuestro concello otra forma de hacer política: una forma desinteresada, valiente, cercana y responsable.

Tras los últimos acontecimientos protagonizados por los otros tres compañeros de partido y que culminaron con la firma de un pacto entre PP y ellos, utilizando ilegítimamente el nombre de SAL, y la entrega de la alcaldía a Telmo Martín, todos esos valores que decíamos defender desde SAL han sido pisoteados.

El uso de las siglas de SAL para la firma de ese pacto sin haberlo ni siquiera consultado formalmente con los miembros y órganos del partido es totalmente ilegítimo, al contravenir frontalmente el art. 12.1.h de los Estatutos del partido, que establece que supone la comisión de infracción grave *"Asumir compromisos o acuerdos de carácter político con otras formaciones políticas, o personas físicas o jurídicas sin contar con la previa autorización expresa de los Órganos competentes"*. Su obligación era consultar al partido ANTES de la firma del pacto y el no haberlo hecho, los deslegitima automáticamente y de forma irremediable.

Sin embargo, la ilegitimidad absoluta del uso de las siglas de SAL no les importó lo más mínimo ni a los tres concejales de SAL, ni al propio Telmo Martín, quién fue advertido de ello por mí en un pleno antes de que el pacto se hiciese efectivo.

Aún así, antes de que estos hechos se consumasen, desde la Junta Directiva de SAL se intentó reconducir la situación, convocando una asamblea o reunión el día 25 de mayo, en la que el partido pudiese dar su opinión sobre el referido pacto, a la que los otros tres concejales de SAL ni se dignaron a asistir. En la misma, los afiliados del partido se expresaron formalmente, con un resultado rotundo EN CONTRA de la firma del referido pacto. Por lo tanto, a la vista de que todos los afiliados de SAL tuvieron conocimiento de la celebración de dicha asamblea y de la importancia de su orden del día, la votación realizada en su seno (única votación que se realizó de hecho) es la única que puede legitimar y refrendar la postura de SAL como partido.

Si efectivamente el partido apoyaba el pacto, como así mantenían pero no demostraban los otros tres concejales, lo que tenían que haber hecho era acudir a esa asamblea del día 25 de mayo y hacer valer esa mayoría, lo cual habría podido salvar la legitimidad de su pacto y sanar las heridas que acaban de abrirse en SAL. Era muy sencillo y si no lo hicieron, por algo será...

Por ello, entiendo que la postura que adopté, de no respaldar el pacto firmado por los tres concejales de SAL con el PP, es la única acorde con la decisión tomada por SAL como partido y soy por tanto la única legitimada para seguir representando a SAL en el Pleno.

Sin embargo, ante la postura belicosa y altiva y la total falta de recapacitación de los otros tres concejales de SAL que, a pesar de todo, siguen actuando de espaldas a todos los principios que siempre habíamos defendido, creo que emprender una lucha fratricida por unas siglas heridas de muerte no va a beneficiar a nadie.

Por ello, a pesar de haber demostrado que soy la única legitimada para representar a SAL en el Pleno, prefiero cederles ese tristemente dudoso honor, porque no estoy dispuesta a secundar una batalla que ellos decidieron iniciar y que seguramente finalizaría en los Juzgados, con una sentencia que llegará cuando ya hayan acabado los dos años de mandato que quedan, cuando ya no sirva de nada, y de la que absolutamente nadie saldrá ganando.

Mis esfuerzos y mi trabajo prefiero dedicarlos a defender a mis vecinos y a Sanxenxo, que siempre fueron mi motivo para estar aquí. Prefiero renunciar al sueldo y a las siglas, que traicionarme a mí misma y a la gente que confió en mí. Prefiero seguir demostrando que no todo está perdido, que no todos los políticos son iguales; prefiero mantener viva la esperanza del grito ensordecedor que en este Pleno se escuchó el 13 de junio de 2015. Quiero seguir creyendo que otra forma de hacer política es posible.

Por todo ello,

SOLICITO que se tenga por presentado este escrito, que se me permita dar lectura de su contenido íntegro en la próxima sesión plenaria, y que, en su virtud, se considere que renuncio a integrar el grupo municipal de SAL, adquiriendo por lo tanto la condición de Concejala No Adscrita, según establece el art. 73.3 de la LBRL. En Sanxenxo, a 27 de junio de 2017.”

A Corporación deuse por enterada.

8º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 08 DE XUÑO DE 2017 (R. DE ENTRADA Nº 6.127) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE SE REMITIU, TELEMATICAMENTE, AO CONSELLO DE CONTAS A INFORMACIÓN SOBRE ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS AOS REPAROS FORMULADOS POLO INTERVENTOR E AS ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS. . O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 08 de xuño de 2017, rexistrado de entrada co número 6.127, que a continuación se transcribe literalmente:

“ Con data do 07.06.17 procedeuse a remitir, por vía telemática, ao Consello de contas a información sobre acordos e resoluciós contrarios aos reparos formulados polo interventor e as anomalías detectadas en materia de ingresos, así como os acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.”

Adxunto a este escrito figuran 2 folios co selo do concello,, numerados do 1 ao 2, tendo o número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.

9º POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 02 DE MAIO AO 30 DE XUÑO DE 2017 (DE RES. N° 735/17 A RES N° 1266/17). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resoluciós da Alcaldía ditadas dende o 02 de maio ao 30 de xuño de 2017, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quiere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.

MOCIÓN :

1º MOCIÓN PRESENTADA POLA SRA. GONZALEZ-HABA PÉREZ, CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, PARA SOLICITAR DO GRUPO DE GOBERNO AS XESTIÓNS NECESARIAS PARA IMPEDIR QUE SE PERDA UNHA SUBVENCIÓN PARA INSTALACIÓN DUN PARQUE CANINO E SE POIDA DISFRUTAR NESTE CONCELLO DO PRIMEIRO PARQUE CANINO (R. DE ENTRADA NÚM. 8.806 DO 31/07/17). A Sra González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“El grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo, a través de su portavoz María del Coral González-Haba Pérez y al amparo del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, presenta ante al Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

MOCIÓN

En el ejercicio 2016, dentro de las ayudas concedidas por la Diputación de Pontevedra dentro del Plan Concellos 2016, la Concejalía de Medio Ambiente presentó un proyecto para la instalación en la zona de Baltar de un PARQUE CANINO.

La Resolución Presidencial tuvo entrada en el Ayuntamiento en fecha 8 de Mayo de 2017 y la citada subvención corre el riesgo de perderse si no se ejecutan las obras antes del 31 de Diciembre de 2017. Por todo esto, el **PSdeG-PSOE** solicita al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente **ACUERDO:**

LAS GESTIONES NECESARIAS DE ESTE GRUPO DE GOBIERNO, PARA IMPEDIR QUE DICHA SUBVENCIÓN SE PIERDA Y POR FIN PODAMOS DISFRUTAR EN ESTE AYUNTAMIENTO DEL PRIMER PARQUE CANINO.“

A **Sra. González-Haba Pérez**, xustificou a urxencia polos prazos a cumplir para evitar a perdida dunha subvención.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. González-Haba Pérez** recalcou que esta instalación é útil para veciños e visitantes, polo que se debía evitar a perdida da subvención e executar o proxecto presentado.

O **Sr. Alcalde** indicou que ía propoñer o voto en contra da moción, porque o expediente está tramitándose e non considera serio que isto fora obxecto dunha moción.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto, Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito e Sra. Rodríguez Bua, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción antes transcrita.**-----

2º MOCIÓN PRESENTADA POLA SRA. GONZALEZ-HABA PÉREZ, CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, PARA QUE SE PROCEDA A INSTAR A PROPIEDADE A INMEDIATA DEMOLICIÓN DO ANTIGO CUARTEL DA GARDA CIVIL (R. DE ENTRADA N° 8.807) DO 31/07/17. A Sra González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“El grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo, a través de su portavoz María del Coral González-Haba Pérez y al amparo del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, presenta ante al Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

MOCIÓN

Desde hace muchos años los vecinos de Noalla vienen reclamando a la Administración Local la demolición del antiguo cuartel de la Guardia Civil de Noalla por suponer por un lado, un peligro para todo aquel que transite por la zona, como por otro el feísmo en la entrada de esta parroquia y acceso a una de las playas más afamadas de nuestro Ayuntamiento.

Por todo esto, el **PSdeG-PSOE** solicita al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente

ACUERDO:

QUE SE PROCEDA POR PARTE DE LA CONCEJALÍA QUE CORRESPONDA, A INSTAR A LA PROPIEDAD A LA INMEDIATA DEMOLICIÓN DEL ANTIAGO CUARTEL DE LA GUARDIA CIVIL.”

A **Sra. González-Haba Pérez** sinalou que a urxencia viña dada porque se trataba de algo demandado dende facía moito tempo, sen que áinda se solucionase.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. González-Haba Pérez** destacou a demanda dos veciños e constáballe que se estaba a tramitar un expediente que levaba o Sr. Fernández Piñeiro, sen que ata o momento se resolvese o mesmo.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que non cría que este tema tivese que ser obxecto dunha moción, chegando con unha pregunta, que no seu dia contestou o **Sr. Fernández Piñeiro**, manifestando que se trataba dun asunto dunha antigüidade de 15 anos e que agora se está a tramitar a comunicación do derribo, o que non é fácil, engadindo que ía propoñer ao seu grupo votar en contra da moción.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, sinalou que este asunto foi unha proposta súa fai algún tempo e dende entón segue sen resolverse, non considerando que fose tan complicado realizar unha comunicación.

O **Sr. Alcalde** dixo que ía propoñer que o seu grupo o voto en contra da moción, polas razóns expresadas xa polo **Sr. Gonzalo Pita**, engadindo que se trataba dun asunto complicado polas circunstancias que concorreron en el, como a existencia dun concurso de acreedores.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto, Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito e Sra. Rodríguez Bua, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción antes transcrita.**-----

3º) MOCIÓN PRESENTADA POLA SRA. GONZÁLEZ-HABA PÉREZ, CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SOLICITANDO A IMPLANTACIÓN NO CONCELLO DE SANXENXO DUNHA PRAIA CANINA. A Sra González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“”El grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo, a través de su portavoz María del Coral González-Haba Pérez y al amparo del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, presenta ante al Pleno de la Corporación Municipal la siguiente

MOCIÓN

Los nuevos modelos de turismo obligan a que un Ayuntamiento como el de Sanxenxo, uno de los más importantes a nivel autonómico, esté a la vanguardia en cuanto a ofertas turísticas, para satisfacer las demandas de nuestros vecinos y vecinas, de los visitantes que viajan con sus mascotas y también, de hoteleros que quieren ampliar su clientela.

De nada sirve que el tejido empresarial de nuestro Ayuntamiento oferte estos servicios si desde la Administración Local no se lleven a cabo acciones y medidas concretas.

Se acompañan 842 peticiones de personas interesadas al respecto.

Por todo esto, el **PSdeG-PSOE** solicita al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente **ACUERDO:**

-IMPLANTACIÓN EN EL AYUNTAMIENTO DE SANXENXO DE UNA PLAYA CANINA.”

A **Sra. González-Haba Pérez**, xustificou a urxencia porque xa era verán.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. González-Haba Pérez** explicou que as firmas que acompañan á moción recolléreronse maioritariamente entre veciños de Sanxenxo, estando segura de que se fixese agora habería moitas mais, porque existe unha gran demanda, mesmo desde un punto de vista turístico, aludindo a que ata os hostaleiros indicaron que estaban de acordo coa implantación dunha praia canina.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, manifestouse no mesmo sentido en relación co interese dos hostaleiros e destacou o aumento da tenencia de animais neste últimos tempos, polo que entendía como positivo a existencia dunha praia canina, algo do que tamén se falou cando o interveniente estaba no goberno municipal.

O **Sr. Alcalde** sinalou que ia propoñer o voto en contra da moción, porque aínda que tamén consideraron a posibilidade dunha praia canina, co rexeitamento da moción abrirase un debate social e, a partir de hai, ver a posibilidade da súa instalación, aínda que ao interveniente non lle chegaron as mesmas sensacións da hostalería.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto, Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito e Sra. Rodríguez Bua, concelleira non adscrita).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción antes transcrita.**-----

ROGOS:

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, dixo que na anterior moción a alcaldía indicou que primeiro se debatería o asunto e logo resloveríase, o que lle parece a orde lóxica e non como se fixo neste pleno no asunto das reservas de solo para vivendas de protección. Ademais outras cousas fanse tendo en conta só o sentido común, sen informes previos, o que é moi perigoso, sobre todo en temas de seguridade viaria, aludindo ao paso peonil da rúa Consistorio, do que a propia alcaldía nun escrito recoñece que non tiña informe técnico previo, polo que lle roga que reconsidera a súa decisión, asesórese e vexa cal é o sentido común acertado, xa que este tipo de pintado pode ser perigoso, polo que, se pasa algo, a responsabilidade sería da alcaldía. O **Sr. Alcalde** aclarou que dixo que con determinadas actuacións o que se provoca é un debate social e, no que respecta ao paso peonil, o que se está a preguntar ante o manifestado é se non sería mellor peonalizar por completo a rúa Viña da Fonte.-----

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, rogou que se requira ao propietario dunha finca sita nas inmediacións da rotonda de Chandebrito, para que corte os arbustos que tapan un sinal, un farol e mesmo invaden a beirarrúa, tendo en conta que nesta época atópase alí o propietario. O **Sr. Rea Perez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que xa están a intentar arranxalo.-----

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, logo de destacar o atraso que está a sufrir a feira de artesanía, aludió a medidas como a implantación da zona azul ou o aparcadoiro da igrexa, que áinda que non lle parecen desacertadas, deberían facerse doutro xeito, informando primeiro á xente para que saiban o que se ten que facer.-----

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, indicou a necesidade de realizar unha ordenanza sobre as terrazas, tendo coñecemento de que se estaba a facer un estudo e rogando que, cara ao ano que vén, fágase esta ordenanza, dado que na actualidade é un caos a ocupación de espazos públicos.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que á prensa chamoulle a atención o título do punto 8 da orde do día, referente á remisión ao Consello de Contas da información sobre acordos e resolucións contrarias a reparos formulados polo **Sr. Interventor**, cando se trataba dun tema totalmente rutineiro, polo que, dado que o **Sr. Secretario** só leu o escrito de remisión, solicitou que se dese lectura ao anexo a ese escrito, o que fixo a continuación a **concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. Fernández Agraso**, texto que se transcribe literalmente a continuación:

1.Acuerdos y Resoluciones adoptados por el Pleno, la Junta de Gobierno Local y el Presidente de la Entidad Local contrarios a los reparos formulados por el órgano de intervención.

En el ejercicio no se han adoptado acuerdos o resoluciones por el Pleno, la Junta de Gobierno Local y el Presidente de la entidad Local contrarios a los reparos formulados por el órgano de intervención.

2.Expedientes administrativos de gastos o acuerdos del Pleno, de la Junta de Gobierno Local tramitados al margen del procedimiento o con omisión de fiscalización previa.

En el ejercicio no se han tramitado expedientes administrativos de gastos ni adoptado acuerdos del Pleno, o en su caso, de la Junta de Gobierno Local, al margen del procedimiento ni con omisión de fiscalización previa.

3.Principales anomalías detectadas en materia de ingresos

Nº expediente: 1

Tipo de ingreso: otros

Recurso afectado: no

Clasificación económica del ingreso: 39404

Fase de ejecución del ingreso: Compromiso de ingresos

Trámite o acto donde se produce la anomalía: Otras causas

Importe: 3.869.000,43

Año de devengo: 1996

Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo P3600021D

1.Acuerdos y Resoluciones adoptados por el Pleno, la Junta de Gobierno Local y el Presidente de la Entidad Local contrarios a los reparos formulados por el órgano de intervención.

En el ejercicio no se han adoptado acuerdos o resoluciones por el Pleno, la Junta de Gobierno Local y el Presidente de la entidad Local contrarios a los reparos formulados por el órgano de intervención.

2.Expedientes administrativos de gastos o acuerdos del Pleno, de la Junta de Gobierno Local tramitados al margen del procedimiento o con omisión de fiscalización previa.

En el ejercicio no se han tramitado expedientes administrativos de gastos ni adoptado acuerdos del Pleno, o en su caso, de la Junta de Gobierno Local, al margen del procedimiento ni con omisión de fiscalización previa.

3.Principales anomalías detectadas en materia de ingresos

En el ejercicio no se han detectado anomalías en materia de ingresos que se consideren relevantes."-----

PREGUNTAS:

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita, solicitou no seu día as actas referentes a mesa de negociación que se está a realizar no concello, sen que das mesmas se poida entender o contido da negociación, sobre todo se vai afectar a todo o persoal, incluído os das empresas municipais ou se se van realizar por separado, tal e como se ten que facer e mesmo advertiu a anterior asesora xurídica, mediante escrito presentado logo da súa renuncia, preguntando sobre o tipo de negociación. O Sr. Alcalde contestou que se están celebrando reunións, áinda que parando ata finais do mes de agosto e que tamén era coñecedor do informe presentado pola avogada amiga da inquirinte, facendo constar a Sra. Rodríguez Búa que non coñecía persoalmente a citada profesional cando foi contratada polo concello. O Sr. Alcalde proseguíu dicindo que, en primeiro lugar, chamáballe a

atención a cuestión de que non se entenda o contido das actas e engadiu que, actualmente se está a negociar e cando se remate, xurdirá un convenio que tamén coñecerá a inquirinte, posto que se actúa con transparencia total, dentro da legalidade e que invitaba a **Sra. Rodríguez Búa** a participar na mesa.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, sinalou que en materia de seguridade parece que se conseguiu unha maior colaboración da policía, precisando que lle comentaron que tal circunstancia debíase a promesas sobre incrementos salariais, preguntándolle ao **Sr. Alcalde** se tiña algún informe dos servizos económicos favorable ao aboamento de horas extraordinarias, cando iso non está permitido no plan de axuste. O **Sr. Alcalde** contestou que parecía que a **Sra. Rodríguez Búa** non lle preocupaba a seguridade pública e por iso facía esta pregunta, precisando que se realizarían as cousas dentro da legalidade e que se estaba a poñer en valor a Policía Local, engadindo que nunca pagaría con diñeiro público seguridade privada. A **Sra. Rodríguez Búa**, destacou que a forma de mellorar nesta materia non era facer promesas que non se podían cumplir, senón esixir da Subdelegación do Goberno unha maior colaboración e implicación na seguridade dun concello de 17.000 habitantes, que no verán pasa a ser unha cidade, non podendo correr tal gasto só a conta do concello. O **Sr. Alcalde** manifestou que estaba de acordo coa anteriormente dito de esixir colaboración e aproveitou, para felicitar á Garda Civil de Sanxenxo e especialmente ao comandante de posto polo traballo realizado, explicando que era a primeira vez en moitos veráns que en Sanxenxo a plantilla do posto estaba ao 100% e que celebraban reunións semanais os martes para analizar o sucedido cada fin de semana.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, respecto do aparcadoiro de detrás da igrexa, preguntou ao **Sr. Alcalde** se tiña a certeza de que o terreo onde está instalado pertencia ao Bispado, porque existe un convenio urbanístico co concello que non foi denunciado por ninguén, polo que a titularidade dos terreos parécelle discutible. O **Sr. Alcalde** indicou que, ante a dúbida, non lle parecía mal que se contribuíse a solucionar o problema do aparcadoiro e a **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, especificou que neste momento o terreo era da igrexa. A **Sra. Rodríguez Búa** preguntou que pasaría se alguén ten un accidente e o **Sr. Alcalde** especificou que existía un seguro.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, preguntou se se ía a abrir o aparcadoiro que estaba encima da Praza do Mar, contestando o **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, que se estaban a rematar as obras e que agardaba que estivese abierto para este fin de semana.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, respecto do arranxo da estrada de Outeiro preguntou se se lle ía a dar solución, posto que estaba igual que facía tres anos. O **Sr. Alcalde** contestou que se trataba dunha estrada provincial e que a Presidenta da Deputación dixo nun pleno dese ente que non ía recibir alcaldes que fosen nomeados logo dunha moción de censura, engadindo que para tratar de solucionar este asunto e para buscar ter maior forza, independentemente das peticionés que el mesmo formule a presidenta, lembrando a importancia que este Concello ten dentro do ORAL, sería positivo que xurdise un escrito, asinado polos 17 concelleiros/as do Concello, reclamando a solución da estrada de Outeiro, sendo especialmente importante o apoio da concelleira do Partido Socialista no Concello, preguntándolle á **Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto**, se asinaría ese escrito, contestando a interpelada que agora os que teñen que actuar son os que están no goberno municipal. O **Sr. Alcalde** preguntou o mesmo ao **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** e este contestou en sentido positivo, sempre que tamén se pida no escrito que se faga público o expediente da obra, no

que se certificaron traballos sen estar executados, palabras ante as que o **Sr. Alcalde** indicou que se tiña esa información, debía proceder a efectuar a denuncia correspondente, á parte de que afectaría fundamentalmente á Deputación, que está gobernada polo partido socialista e polo partido do anterior interveniente.Pola súa parte o **Sr. Agís Balboa** indicou que mandar unha carta para reforzar a postura municipal pareceríalle ben, pero non mesturalo co sinalado polo **Sr. Otero Domínguez**, porque entón non se conseguiría nada.-----

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntoulle ao **Sr. Alcalde** sobre a titularidade dos terreos onde se sitúa o aparcadoiro na contorna da igrexa, contestando o interpelado que tiña dúbidas porque non viu a fondo o expediente, sinalando o interpelante que no seu día asinouse un convenio que non foi denunciado, entendendo por iso que a parcela é municipal e que o Concello está renunciando aos seus dereitos, indicando que sobre o expediente do convenio aludido existía unha auditoría. A **Sra. Deza Martínez voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, preguntou pola referida auditoría, porque non a viu.-----

O **Sr. Otero Domínguez voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** preguntou se xa rematou o procedemento de adxudicación dos postos da feira de artesanía, contestando o **Sr. Alcalde** que xa se adxudicaron as parcelas, despois de realizar os pertinentes sorteos, quedando dez peticionarios por se xorden renuncias. A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou como podía ser iso, se saíu na prensa que había 80 peticionarios para 80 casetas, contestando o **Sr. Alcalde** que existían algunas casetas con módulosdobres, engadindo que a espera da presentación da documentación e da sinatura dos contratos, así como da posibilidade de existencia de renuncias, dá por rematado o expediente. O **Sr. Otero Domínguez** preguntou sobre a data de apertura e as condicións de seguridade das casetas, que non parecían as mellores, contestando o **Sr. Alcalde** que esperaban que a apertura se realizara conxuntamente, non permitíndose a entrada en funcionamento mentres non tivesen os certificados de seguridade e que o propio adxudicatario da instalación das casetas, explicoulle as condicións da instalación, que lle pareceron convincentes.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: